

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 29 de marzo de 2021 (PLENO 3/2021)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución nº 665/2021 do 24 de marzo, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar **na Sala de sesións do concello de Carballo** o **día 29 de marzo de 2021** ás **20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Sesión 3/2021

Data da sesión: 29-03-2021
Hora: 20:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (22/02/2021). Aprobación.

2.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE por fomento do emprego, construción de nave industrial destinada a panadaría/pastelaría na parcela D-25, rúa do Cobre, no Polígono Industrial de Bértoa. (CIFECRIC de 23/03/2021).

3.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE por fomento do emprego, construción de nave industrial destinada a fabricación, almacenamento e distribución de produtos de limpeza e hixiene nas parcelas D-4-D5-D6, rúa Granito esquina con rúa da Madeira, no Polígono Industrial de Bértoa. (CIFECRIC de 23/03/2021).

4.- Compatibilidade solicitada pola profesora do Conservatorio profesional de música de Carballo, ensinanza de percusión. Informe favorable. (CIFECRIC de 23/03/2021).

5.- Compatibilidade solicitada polo profesor do Conservatorio profesional de música de Carballo, ensinanza de clarinete. Autorización.(CIFECRIC de 23/03/2021).

6. Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada nº202199900001421 de 5 de marzo, relativa a un terreo sito no lugar de A Ponte, parroquia de Bértoa, coa denominación Parcela 25 do Polígono 83. (CIFECRIC de 23/03/2021).

7.- Seguimento de órganos de goberno:

7.1.- Resolucións da Alcaldía.

7.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local.

7.3.- Rogos e preguntas.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

A Secretaria Accidental
Dna. Susana Mariño Lorenzo